



CONSULTA PÚBLICA SOBRE LA MODIFICACIÓN DE LA ORDENANZA MUNICIPAL DE EMERGENCIA SOCIAL AYUNTAMIENTO DE CEE.

ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA EXPEDIENTE MUNICIPAL Nº: 2024/G014/000001

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de modificación da Ordenanza Municipal sobre concesión de de axudas económicas de Emerxencia Social , solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de 20 días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

PROBLEMAS QUE SE PRETENDEN SOLUCIONAR COA INICIATIVA NORMATIVA

Na actualidade, o Concello de Cee conta entre súa normativa coa Ordenanza Reguladora da concesión de axudas económicas de Emerxencia Social publicada definitiva BOP Nº 20 de 31/01/2011, que se atopa obsoleta polos cambios sociais e económicos sufridos nos últimos anos.

Tras un examen del texto de 2011 optouse por redactar unha nova ordenanza, dado que as modificacións a introducir no texto vixente eran tantas e de tanto alcance que supoñían unha revisión integral da norma.

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación das prestacións sociais de carácter económico xestionadas polos servizos sociais do Concello de Cee, os requisitos necesarios para acceder as mesmas e seu procedemento.

Tamén pretende resolverse algúns problemas interpretativos xerados da redacción do anterior texto normativo.

A modo de exemplo, pretendese determinar os ingresos a ter en conta para a baremación, os documentos que puideran ser necesarios ou non para a tramitación.



NECESIDADE E OPORTUNIDADE

As axudas de emerxencia social resultan un instrumento esencial para garantir o benestar das persoas vulnerables e en risco de exclusión social, e resulta necesario que a normativa que a regule, facilite e axilice os procedementos para súa concesión. Polo que é importante facer concrecións para que non existan dúbidas interpretativas.

Ademais, en vista da inflación que se está a experimentar nos últimos tempos tamén preténdese revisar os baremos económicos.

OBXECTIVOS DA NORMA

Os obxectivos perseguidos son:

1. Concretar a documentación necesaria para o acceso as axudas.
2. Suprimir dúbidas interpretativas do texto.
3. Revisar os importes máximos a conceder e os topes económicos.

Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

O estar as axudas de emerxencia social reguladas nunha ordenanza, súa revisión pasa obrigatoriamente por unha modificación da mesma

En CEE, na data da sinatura electrónica